

Nome _____ Data _____

1 Completa a táboa escribindo as características de cada reino.

	Alimentación	Número de células	Desprazamento
Animais			A maioría desprázanse.
Plantas	Fabrican o seu propio alimento.		
Algas			
Fungos		Algúns son unicelulares e outros, pluricelulares.	
Bacterias			

2 As seguintes afirmacións son falsas. Esríbeas correctamente.

- As bacterias máis grandes considéranse pluricelulares.

_____.

- Os fungos, igual ca as plantas, fabrican o seu propio alimento.

_____.

- As plantas terrestres non se desprazan, pero as acuáticas si.

_____.

3 Determina se os seguintes animais son vertebrados ou invertebrados e escribe o nome do grupo de animais a que pertence cada un.

- Polbo. _____
- Gamba. _____
- Golfiño. _____
- Tartaruga. _____
- Ourizo de mar. _____
- Tiburón. _____

4 Describe as principais características dos seguintes grupos de animais.

- Peixes: _____.
- Anfibios: _____.
- Equinodermos: _____.
- Artrópodos: _____.

5 Escribe as diferenzas e semellanzas existentes entre anfibios e réptiles.

6 Describe as características máis importantes dos animais invertebrados e nomea os grupos en que se clasifican.

7 Describe as principais características dos musgos e escribe o nome do grupo de plantas a que pertencen.

8 Nomea os elementos que empregan para reproducirse as plantas con flores e as plantas sen flores e describe eses elementos.

9 Nomea e describe os órganos onde se encontran as esporas nos musgos e os fentos.

10 Explica as diferenzas que existen entre anxiospermas e ximnospermas con respecto ás súas flores e aos órganos que conteñen as sementes.

Nome _____ Data _____

- 1** En cal destes reinos non hai seres vivos que sexan capaces de fabricar o seu propio alimento?
- a. Fungos.
 - b. Protistas.
 - c. Bacterias.
- 2** Todas as bacterias...
- a. fabrican o seu propio alimento.
 - b. son unicelulares.
 - c. vense a simple vista.
- 3** Marca o grupo de animais que non respiran por pulmóns durante toda a súa vida.
- a. Aves.
 - b. Réptiles.
 - c. Anfibios.
- 4** Que tipo de animal é unha píntega?
- a. Un anfibio.
 - b. Un réptil.
 - c. Un peixe.
- 5** Cal destes animais non é un invertebrado?
- a. Ourizo de mar.
 - b. Serpe.
 - c. Caracol.
- 6** Que grupo de animais presenta un esqueleto interno formado por placas?
- a. Os equinodermos.
 - b. Os artrópodos.
 - c. Os vertebrados.
- 7** A cápsula é un avultamento onde se encontran as esporas...
- a. dos fentos.
 - b. dos musgos.
 - c. das plantas sen flores.
- 8** Como é o talo dos fentos?
- a. Moi pequeno e sen vasos condutores.
 - b. Groso e con moitas ramas que saen á superficie.
 - c. Groso e subterráneo.
- 9** A maioría das ximnospermas...
- a. son de folla caduca.
 - b. son de folla perenne.
 - c. carecen de follas.
- 10** Cales son as plantas que producen froitos?
- a. As árbores.
 - b. As plantas ximnospermas.
 - c. As plantas anxiospermas.

Nome _____ Data _____

1 Explica o que é o desenvolvemento sustentable.

2 Que é a Axenda 21? Explica.

3 Como se contaminan a atmosfera, a auga e o solo? Escribe un exemplo en cada caso.

- Contaminación da atmosfera: _____

- Contaminación da auga: _____


- Contaminación do solo: _____

4 Sinala un efecto do cambio climático e a súa posible solución.

5 Que tipo de acordos se recollen no Protocolo de Quioto?

6 Que é a regra dos «tres erres»?

7 Observa estes gráficos sobre o consumo de enerxía en dous países diferentes e di cal deles favorece o desenvolvemento sustentable. Xustifica a elección.



8 Explica por que é necesario protexer os espazos naturais. Despois, pon un exemplo dun espazo protexido en España.

9 Observa e describe o que ves na fotografía.



10 Explica por que o consumo responsable contribúe ao desenvolvemento sustentable.

Nome _____ Data _____

- 1** Todo o que nos rodea e afecta ao desenvolvemento da nosa vida é...
 - a. o medio natural.
 - b. o cambio climático.
 - c. a natureza.

- 2** Satisfacer as necesidades actuais sen poñer en perigo as condicións de vida das xeracións futuras é o...
 - a. efecto invernadoiro.
 - b. cambio climático.
 - c. desenvolvemento sustentable.

- 3** En 1992, celebrouse en Río de Janeiro, Brasil,...
 - a. a Axenda 21.
 - b. o Protocolo de Quioto.
 - c. o Cumio da Terra.

- 4** Cando os seres humanos consumimos recursos tan rápido que non dá tempo a que se rexeneren prodúcese a...
 - a. contaminación.
 - b. deforestación.
 - c. sobreexplotación de recursos.

- 5** Con actividades como a corta de bosques ou a queima de combustibles...
 - a. aumenta a temperatura do planeta.
 - b. protéxese o medio natural.
 - c. afórrase enerxía.

- 6** O dióxido de carbono é...
 - a. unha planta en perigo de extinción.
 - b. un combustible.
 - c. un gas invernadoiro.

- 7** En 1997 acordouse en Quioto...
 - a. reducir as emisións de gases invernadoiro.
 - b. consumir máis petróleo.
 - c. reducir o consumo de enerxías renovables.

- 8** Os espazos protexidos decláranos...
 - a. as autoridades.
 - b. os cidadáns.
 - c. as ONG.

- 9** O Parque Nacional de Monfragüe é un ecosistema...
 - a. de alta montaña.
 - b. volcánico.
 - c. de bosque mediterráneo.

- 10** Co cambio climático prodúcese...
 - a. seca.
 - b. aforro de enerxía.
 - c. máis biodiversidade.